

## FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

|                        |  |              |  |               |                |
|------------------------|--|--------------|--|---------------|----------------|
| <b>Lugar da proba:</b> |  | <b>Data:</b> |  | <b>Nivel:</b> | <b>CELGA 4</b> |
|------------------------|--|--------------|--|---------------|----------------|

### DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

|                                  |                                                                                                                                                                                                                                                           |                       |                                                               |  |  |
|----------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------|---------------------------------------------------------------|--|--|
| <b>Apelidos e nome:</b>          |                                                                                                                                                                                                                                                           |                       |                                                               |  |  |
| <b>DNI / NIE / Pasaporte:</b>    |                                                                                                                                                                                                                                                           | <b>Nacionalidade:</b> |                                                               |  |  |
| <b>Data de nacemento:</b>        | ___ / ___ / _____                                                                                                                                                                                                                                         | <b>Sexo:</b>          | <input type="checkbox"/> Home <input type="checkbox"/> Muller |  |  |
| <b>Lugar de nacemento:</b>       | <input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España<br><input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía |                       |                                                               |  |  |
| <b>Lugar de residencia:</b>      | <input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea                                                                                                                                                              |                       |                                                               |  |  |
| <b>Tipo de estudos cursados:</b> | <input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos                                                                                                      |                       |                                                               |  |  |

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

### INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use típex).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.





201942←←NUM→→

# Celga



Certificado  
Lingua  
Galega

# 4



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

**C4-A-II-19**



## Proba A1

---

Unha amiga súa está pensando en establecerse pola súa conta logo de rematar os seus estudos. Despois de ver unha reportaxe sobre emprendedoras, vostede decide escribirlle un correo electrónico para axudala. No texto, de **400 palabras**, vostede deberá:

- Animala a montar a súa propia empresa.
- Comentarlle as iniciativas e experiencias da reportaxe para que lle sirvan de referencia.
- Contraponer as vantaxes e inconvenientes de emprender un negocio.
- Ofrecerlle algúns consellos para superar as dificultades iniciais.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA  
COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



## Proba A2

Despois de ler un par de artigos sobre despoboación do rural e aldeas abandonadas decide elaborar un artigo para a revista dunha asociación cultural coa que colabora. Nese texto, en **400 palabras**, vostede deberá:

- Expoñer a realidade da despoboación do rural en Galicia.
- Presentar a iniciativa aldeasabandonadas.com e explicar en que consiste.
- Dar a súa opinión persoal sobre esta empresa.
- Suxerir outras medidas que se poderían adoptar para paliar a perda de habitantes e o abandono de vivendas no medio rural.

### **Galicia suma unha aldea despoboadada cada semana e xa ten 3.562 baleiras**

Galicia non ten parangón poboacional co resto de España. Reúne o 5,8 % dos habitantes de todo o país, pero espállaos polo 39,2 % dos núcleos de poboación existentes entre todas as comunidades. Das 78.111 entidades de poboación que hai nos 8.127 municipios de España, Galicia acolle 30.675, mentres que, a unha distancia considerable, a segunda autonomía con máis núcleos residenciais, Castela e León, suma 8.362, o equivalente ao 27 % das que hai na comunidade galega. A Coruña, Lugo ou Pontevedra contan, de feito, con máis entidades poboacionais que Andalucía. Pero Galicia ve como esa realidade estrutural está a virse abaixo paulatinamente por outro dos efectos que condicionan o seu desenvolvemento: a caída demográfica e o envellecemento dos seus residentes. O nomenclátor de poboacións publicado polo Instituto Nacional de Estatística marca en vermello como lugares abandonados durante o 2016 e xa sen habitantes en Galicia 54 máis ca o ano anterior. De media, cada semana do ano pasado unha aldea galega quedou sen os seus últimos veciños e con iso xa son 3.562 os enclaves sen moradores.

*Adaptado de La Voz de Galicia*

## **Nos últimos dous anos, as inmobiliarias pecharon a venda de 17 núcleos despoboados na comunidade. As provincias da Coruña e Lugo concentran o 90 % da oferta de zonas**

Cada ano decenas de aldeas galegas quedan deshabitadas. No medio desta tendencia, algúns proxectos inmobiliarios tratan de frear o abandono do rural. A web [aldeasabandonadas.com](http://aldeasabandonadas.com), con sede en Lugo, leva vendendo aldeas de Galicia dende 2009. Os investidores estranxeiros realizaron a metade das compras de núcleos rurais en Galicia, que contan cun valor medio no mercado de 150.000 euros.

As zonas con máis éxito no mercado de aldeas abandonadas en Galicia son o val do Eo e a Ribeira Sacra lucense. Rafael Canales, director da web [aldeasabandonadas.com](http://aldeasabandonadas.com), apunta que «a compra deste tipo de lugares está a pórse de moda entre certa clase de público». Os interesados en adquiriren un conxunto destas características buscan principalmente a proximidade do Camiño de Santiago ou a espectacularidade das vistas. Os compradores de aldeas tamén se fixaron en enclaves históricos da Costa da Morte e das Pontes, na Coruña; a comarca da Ulloa, en Lugo, ou en Amoeiro, na provincia de Ourense.

A crise cambiou tamén o perfil dos compradores. Se hai catro anos a maioría dos interesados eran empresas de hostalaría que pretendían rehabilitar núcleos deshabitados para dedicalos ao turismo rural, na actualidade a maioría son particulares.

Ao redor do 75 % dos compradores do último ano responden ao perfil de empresarios ou profesionais liberais que buscan unha segunda vivenda para as vacacións. Pero algúns aspiran tamén a fixar neses núcleos deshabitados a súa residencia habitual. «Temos casos de avogados, escritores ou xornalistas que teñen a posibilidade de desempeñaren o seu traballo dende o domicilio e que buscan un sitio tranquilo e fóra do rebumbio das grandes cidades», sinala Canales.

O atractivo de vistas como as das rías e dos cantís da Costa da Morte, os meandros do Miño na Ribeira Sacra ou as zonas forestais das inmediacións do Eo, que no seu treito final marca a fronteira entre Galicia e Asturias son un reclamo máis que suficiente para aquelas persoas que queren escapar das aglomeracións das grandes urbes.

Durante os últimos catro anos, os novos propietarios de aldeas galegas residían en Madrid e en Barcelona, pero tamén en cidades de Holanda, Reino Unido, Alemaña ou Estados Unidos. Canales sinala que «a proporción entre compradores españois e estranxeiros se reparte ao 50 %».

O representante de [aldeasabandonadas.com](http://aldeasabandonadas.com) resalta que os valores que buscan os investidores nas aldeas deshabitadas —tranquilidade e paisaxe pero coas comodidades da época— non son compartidos por un sector importante da poboación. Ademais, e aínda que o prezo non é moi elevado para os estándares dunha vivenda nunha cidade media, tampouco está ao alcance da maior parte das familias.

Tampouco a oferta é moi ampla, a pesar das decenas de aldeas que cada ano quedan deshabitadas en Galicia e de que só un centenar de concellos manteñen todos os seus

núcleos poboados. A páxina que xestiona Canales ten á venda actualmente 16 núcleos de poboación. A provincia de Lugo lidera a oferta, con 8 núcleos, seguida da da Coruña, con 6. Ourense e Pontevedra limítanse a unha aldea cada unha. A razón deste pequeno número hai que buscala na dificultade para pór de acordo a todos os propietarios. Ademais, nalgúns casos, cada vivenda pode pertencer a varias persoas debido a herdanzas sen repartir. Canales sinala que «conseguir que todos os herdeiros acepten unificar a oferta resulta difícil». Do mesmo xeito, é complicado reunir a documentación que acredite a quen pertence unha determinada casa, o que retarda o proceso.

Os responsables de Aldeas Abandonadas elaboran a súa carteira percorrendo as zonas máis demandadas polos seus clientes. Cando atopan unha aldea á que lle ven potencial, contactan cos seus propietarios. Con todo, a tendencia está a cambiar e cada vez son máis os donos que se poñen en contacto coa empresa para ofrecer as súas aldeas a alguén con interese en lles dar vida de novo a uns muros de pedra, en ocasións, centenarios.

Adaptado e traducido de *La Opinión*

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA  
COMECE NA SEGUINTE



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

## PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

### FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

|    | Adecuación |   |   |   | Cohesión e coherencia |   |   |   | Gramática |   |   |   | Léxico |   |   |   | Cualificación |            |
|----|------------|---|---|---|-----------------------|---|---|---|-----------|---|---|---|--------|---|---|---|---------------|------------|
| A1 | 1          | 2 | 3 | 4 | 1                     | 2 | 3 | 4 | 1         | 2 | 3 | 4 | 1      | 2 | 3 | 4 | Apto/a        | Non apto/a |
| A2 | 1          | 2 | 3 | 4 | 1                     | 2 | 3 | 4 | 1         | 2 | 3 | 4 | 1      | 2 | 3 | 4 |               |            |

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



## PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

### FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

|    | Adecuación |   |   |   | Cohesión e coherencia |   |   |   | Gramática |   |   |   | Léxico |   |   |   | Cualificación |            |
|----|------------|---|---|---|-----------------------|---|---|---|-----------|---|---|---|--------|---|---|---|---------------|------------|
| A1 | 1          | 2 | 3 | 4 | 1                     | 2 | 3 | 4 | 1         | 2 | 3 | 4 | 1      | 2 | 3 | 4 | Apto/a        | Non apto/a |
| A2 | 1          | 2 | 3 | 4 | 1                     | 2 | 3 | 4 | 1         | 2 | 3 | 4 | 1      | 2 | 3 | 4 |               |            |

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



## PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

### FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

|    | Adecuación |   |   |   | Cohesión e coherencia |   |   |   | Gramática |   |   |   | Léxico |   |   |   | Cualificación |            |
|----|------------|---|---|---|-----------------------|---|---|---|-----------|---|---|---|--------|---|---|---|---------------|------------|
| A1 | 1          | 2 | 3 | 4 | 1                     | 2 | 3 | 4 | 1         | 2 | 3 | 4 | 1      | 2 | 3 | 4 | Apto/a        | Non apto/a |
| A2 | 1          | 2 | 3 | 4 | 1                     | 2 | 3 | 4 | 1         | 2 | 3 | 4 | 1      | 2 | 3 | 4 |               |            |

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

